

# Laia, a nena da illa



Título: Laia, a nena da illa  
Autora: Ánxela Loureiro  
Ilustrador: Quico da Silva  
Editorial: Xerais  
Colección: Merlín  
Nº páxinas: 176  
ISBN: 84-9782-272-2  
Idade: De 11 anos en diante

**XERAI**



# a autora

## Ánxela Loureiro

Nace na década dos cincuenta. É profesora de música. Colaborou con diversos colectivos didácticos para a elaboración de libros de texto como *Novelos de papel*, de Edicións Xerais de Galicia, e *Música 3, 4, 5 e 6*, de Edicións S.M.

Realizou traballos de investigación como *Recompilación e clasificación de cancións galegas*, *Creatividade musical na escola* e *Cancións para o ano*.

Forma parte do grupo folk Saraibas.

Inicia o traballo literario con *¡Ollo, hai lurpios na costa!*, que acadou o 1º Premio de Teatro Infantil do Ateneo Ferrolán.

Conta coas obras narrativas *Viaxe de ida e volta*, *Ota quere voar*, *Camiño perigoso*, etc.

# o ilustrador

## Quico da Silva

Nace en Vigo en 1979. Estuda Belas Artes en Pontevedra.

Dedícase ao humor gráfico (revista *Tempos*, *La Voz de Galicia*) e á ilustración de libros de literatura infantil e xuvenil.

O seu «é un mundo dunha densidade por veces abafante e, ao mesmo tempo, dotado dun dinamismo case panteísta, onde os edificios se retorcen na mesma medida ca os seres humanos (...) É un mundo en precario equilibrio ou, se se prefire, de procurado desequilibrio», en palabras de Vázquez Freire.

Entre as súas obras citamos: *O bebé máxico*, *¡Vaiche boa!*, *Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis*, *A memoria das árbores*, *O cumpreanos do rei Pericón*, *A verdadeira historia do pirata Xocas...*

## a obra

Laia abriu os ollos e non dubidou en facer o que lle pedía o seu pai. Pinchou as negras augas do océano e buceou ata esgotar o aire. Xa na superficie oíu un rebumbio de voces. Distinguía a voz do seu pai ordenándolle que fose cara ás illas...

Ten que seguir deixando a Maino, o pai, a quen perseguen por consideralo valioso como remeiro na viaxe e como ourive en terra firme. Ela dáo por morto.


A pequena Laia sobrevivirá nunha illa da que resulta ser a única habitante.

Noutra illa están os do clan das Duniñas, que escoitan os seus cantos cada noite.

Dous mozos desta tribo irán buscar ese ser, serea ou espírito. Laia ha salvar a un deles a punto de perecer. Cando a levan prisioneira á illa grande é acusada e corre o risco de ser sacrificada, pero, ao final, atopará unha verdadeira familia que tamén se sentirá orgullosa dela pola súa madurez e capacidade para entenderse cos romanos.


A historia dunha nena que sofre escravitude e perde os seus pais, narrada do medio dun relato histórico, no que tribos autóctonas e romanos se atopan para enfrontarse ou convivir. De fondo, a natureza humana cos seus defectos e bondades.

# temas e valores



## A escravitude

Os imperios, para ser tales, han medrar sobre a miseria dos demais. A escravitude foi un sistema económico e social que se deu especialmente na Idade Antiga e tivo rebrotes noutros momentos históricos. Os escravos son humanos cousificados que se mercan e venden, sen ter a posibilidade de tomar as decisións propias dos homes libres.



## A diferenza entre os pobos

Neste relato podemos observar as diferenzas entre os romanos, donos do imperio, e os pobos que habitaban esta parte do mundo con anterioridade á chegada desta civilización.



## O imperio romano colonizando Galicia

As pegadas que deixaron nestas terras (obras públicas –calzadas, pontes...–, idioma...). Unha época histórica e os restos que foi deixando nos castros, nas vías romanas ou na cultura material recollida nos museos.



## A personalidade dos humanos

Feblezas e fortalezas. Os cambios posibles. A capacidade de heroísmo.

# actividades

## Antes da lectura

---

- Co libro na man iremos falando do que nos suxire o título ou a ilustración da capa. Buscamos o nome da escritora e o do ilustrador e comentamos se os coñecemos doutros libros que xa limos con anterioridade e a opinión que nos mereceron.
- Lemos o texto da contraportada e iremos adiantando o contido do libro.
- Manipulamos o volume para observar se é unha novela ou unha colección de contos, o tipo de letra que nos permitirá unha lectura máis ou menos doada, o índice e o resto dos apartados como «Cando a autora fala de si» ou os títulos publicados na colección Merlín.
- Podemos falar doutros libros da colección que xa limos presentándollelos aos demais ou comentándoos entre varios.
- Buscamos outros libros desta mesma autora e deste mesmo ilustrador na biblioteca para poder realizar unha exposición mentres dure a lectura.
- En base ao título do libro e dos capítulos, iremos predicindo os temas que serán tratados, podendo escribir un conto con algún destes títulos.
- Observamos as ilustracións tratando de adiviñar a historia que nos están contando. Eliximos a que máis nos gusta argumentando a escolla.

## Ao longo da lectura

---

- Leamos a dedicatoria e imaxinemos quen é a persoa á que lle dedica a obra.
- Pensemos na dedicatoria que poríamos nós no noso primeiro libro.
- O limiar é unha especie de homenaxe á avoa que lle contaba contos. Comentemos quen nolos contou a nós e como o facía.
- Lemos a cita e aprendémola de memoria; podemos utilizala sempre que contemos algún sucedido. Tamén podemos escribir unha nova fórmula de comezo.
- O título da cada capítulo suxeriranos anticipacións sobre o seu contido. Algunha vez podemos probar a escribir esa historia que imaxinamos. Despois da lectura veremos se estamos de acordo con ese título. De non ser así, podemos poñerlle un novo.
- Contestemos:
  - ¿Que é Penencia?
  - ¿Con que se alimenta Laia, o primeiro día, na illa?
  - ¿Que comen os habitantes do castro de Lobadiz?
  - ¿Que é Lumbó?
  - ¿Quen é o Gran Xefe do Clan das Duniñas?
  - ¿A que se dedican os homes e mulleres do castro de Lobadiz?
  - ¿Que é un centurión?

# actividades

— ¿E un prefecto?

— ¿Que son os lexionarios?

— ¿Que son tácticas e estratexias militares?

- Vaíamos tomando nota dos personaxes da novela; posteriormente faremos a súa descrición. Laia, Maino, Néboa, Roibo, Lóstrego, Lúa, Pardo, Lula, Soños, Branca, Peitóns, Lumeiradas, Ruxe, Artos, Martialis, Acisculus, Dominicus.
- Observemos os costumes do clan dos Duniñas e comparémolas coas dos romanos que andan colonizando as súas terras.
- Expliquemos en que consistirá o Consello de Anciáns e cal será o seu cometido.
- A guarnición de Fer-ol parece ser o asentamento dos romanos máis próximo ao clan do Duniñas. Busquemos datos acerca do imperio romano para entender mellor a relación entre estes pobos.
- Tentemos recoller todos os datos posibles, ao longo do texto, sobre as illas Gabeiras.
- Citemos o nome dalgún dos deuses nos que cría Laia.
- Elaboraremos un vocabulario con aquelas palabras que nos resulten difíciles ou novas.
- Expliquemos o que é un castro, citemos algún dos que coñecemos e elaboremos un cartel axudándonos de fotografías para representalo.
- «Se non ten dono non é escrava, e se non é escrava non precisa dono.» Expliquemos, polo miúdo, esta reflexión que podería aplicarse a situacións actuais.
- Os do castro de Lobadiz «aluman terra» percorrendo as leiras con fachos un día determinado do ano. A ver se acertamos cal é, tendo en conta outros datos que se achen no texto.
- Expliquemos que son as dunas, onde se producen e cal é a causa. Busquemos fotografías para ilustrar estes datos.
- Fagamos unha listaxe coas aves que aparecen citadas no texto. Tamén podemos recoller outros animais, plantas ou árbores que se citen.
- Tres castros nunha illa. Seguro que se buscamos ben atoparemos bastantes restos de castros, sobre todo se temos en conta que estarán situados en lugares nos que sexa doado defenderse: illas, penínsulas, montañas...
- Lembremos que o nome Castro referido a un lugar estará relacionado con esa edificación do pasado. Falemos dos topónimos Castro que coñezamos.
- Na páxina 126 o Gran Xefe faille unhas reflexións ao romano Acisculus sobre a liberdade. Este texto é comparable á carta do Xefe Indio Seattle ao presidente dos Estados Unidos. Busquémola e comentemos o que podían ter en común aqueles pobos e estes.
- Indaguemos sobre o réxime da escravitude ao longo da Historia: en que momentos se deu, que películas ou novelas relacionariamos con ela...
- Falar de romanos e outros pobos (considerados bárbaros por parte do imperio) faranos lembrar a Asterix e aos galos, unha pequena tribo enfrontándose á forza máis potente deses tempos. Aproveitemos a coincidencia para ler eses cómics.
- Tentemos buscar debuxos ou fotografías das alfaias deses tempos: torques, fíbulas,

# actividades

pendentes, aneis, brazaletes, diademas, etc.

- Agora «veslle as orellas ao lobo», dille Roibo a Pardo. ¿Cal é o seu significado?
- Os pobos primitivos tiñan o costume de usar amuletos para a boa sorte. Algo diso aínda queda entre nós. Comentémolo.
- Eses pobos curábanse coas plantas medicinais e ata hoxe chegan as bondades dalgunha delas. Recollemos información ao respecto.
- Artos manda enterrar o tesouro das alfaias que non tiveron que usarse para mercar a Laia. Quedarán aí para cando sexan necesarias, un segredo a compartir polos que están alí e que irá pasando de xeración en xeración. As novas da prensa parecen confirmar estes feitos. Pero nós poderíamos imaxinar un final diferente para ese tesouro, un mapa para poder chegar a el... Escribamos esa historia.
- Tamén nos queda por escribir o futuro de Laia e estamos desexosos de facelo. ¡Mans á obra!
- Ánxela Loureiro acláranos no apartado «Cando a autora fala de si» que os lugares son reais. Tentemos demostralo nun mapa da zona de Ferrol.
- Leremos este apartado citado e subliñaremos aquilo que nos chame a atención do que nos conta a autora.

## Despois da lectura

- Realizamos un marcador de lectura axeitado a este libro.
- Nunha posta en común intercambiaremos as opinións sobre a lectura, o que máis nos gustou, etc.
- Aquel ou aquela a quen máis lle gustase este libro escribirá unha recomendación para publicar no boletín da biblioteca ou na revista escolar.
- Escribiremoslle unha carta á autora.
- Podemos escribir unha nova historia situada nese mesmo tempo dos romanos en Galicia.
- Realicemos algunha ilustración máis para plasmar plasticamente aqueles momentos que nos resulten máis interesantes da narración.
- Busquemos eses outros libros da autora que agora nos apetece seguir a ler.
- Localicemos outros libros que se sitúen nos tempos anteriores ou contemporáneos dos romanos.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>**

**EDICIÓN XERAIS DE GALICIA**



© Pilar Sampedro Martínez, 2006  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006  
Depósito legal: VG. 80-2006